

ENTREVISTA .. JOSEFINA LING LING .. INVESTIGADORA DO OBSERVATORIO ASTRÓNOMICO RAMÓN MARÍA ALLER DA USC

Dentro das actividades do Ano Internacional da Astronomía 2009, un dos seus proxectos-piar pretende promover a participación das mulleres nesta ciencia

AS ASTRÓNOMAS VAN FACER VISIBLE O SEU TRABALLO NO 2009


SANTIAGO

No 1609, Galileo Galilei realizou as primeiras observacións dos astros cun telescopio de fabricación propia, e outro ilustre científico, Johannes Kepler, publicaba a súa *Astronomía nova*. Catrocentos anos despois, os seus sucesores conmemoran aqueles dous fitos da historia coa celebración do Ano Internacional da Astronomía 2009 (AIA2009), unha proposta da Unión Astronómica Internacional que conta co apoio da Unesco.

Será tamén unha grande oportunidade para o recoñecemento das mulleres que traballan ou traballaron nun campo no cal, aínda hoxe, a súa presenza é relativamente reducida, se ben, polo menos en Galicia, se encamiña cara á paridade. Unha das mulleres astrónomas da nosa comunidade, e implicada nas actividades do AIA2009, é Josefina Ling Ling, que chegou á Universidade de Santiago de Compostela a comezos da década de 1980.

Segundo ela mesma nos explica, "fixen o primeiro ciclo da licenciatura de Matemáticas na Universidade Autónoma de Madrid, pero logo empecei a interesarme máis pola astronomía, xa que entrara en contacto con grupos *amateurs* na miña mocidade, e entón, cando souben que na Complutense había a especialidade de Astronomía, Mecánica e Xeodesia, díxenme 'isto é o meu, aquí teño a miña especialidade'".

Con todo, as dificultades da carreira científica en España levaron a Josefina Ling por outro rumbo, e dese xeito empezou a impartir clases de matemáticas en colexios privados de Galicia, unha terra que non lle era descoñecida, pois veraneara nela moitos anos. Con todo, desexaba continuar traballando en astronomía, e viu unha oportunidade no Observatorio Astronómico de Santiago, que hoxe leva o nome do seu fundador, Ramón María Aller, falecido no 1966: "daquela (a comezos da década de 1980) estaba aquí o axudante de investigación,



A profesora Josefina Ling invita a coñecer as actividades do AIA, descritas en internet en <http://www.astronomia2009.es>

DO CONXUNTO DE INICIATIVAS PARA DESENVOLVER Ó LONGO DO ANO É DESTACABLE UNHA SERIE DE PROGRAMAS DE TELEVISIÓN, QUE SE EMITIRÁN EN LA 2 DE TVE E CONTRIBUIRÁN A QUE O GRAN PÚBLICO COÑEZA OS LOGROS DAS INVESTIGADORAS PIONEIRAS NO ESTUDO DOS CEOS, COMO A GALEGA ANTONIA FERRÍN MOREIRAS

do CSIC don José Manuel Costas Seoane, que traballara moito tempo con Ramón María Aller, e el díxome que fa vir o profesor Docobo, que se ía encargar da dirección do centro; entón entrei en contacto co profesor Docobo, empecei a facer a tese de licenciatura con el, despois a tese de doutoramento e logo xa me establecí aquí".

O seu traballo quedou definido xa dende o principio, e é que, como nos conta a profesora Ling, "eramos a segunda xeración no tema de investigación que introduciu Ramón María Aller, que é o estudo dos sistemas estelares dobres e múltiples". Eses estudos foron completados con estancias no estranxeiro, por exemplo no Observatorio de Niza (agora integrado no Observatorio da Costa Azul), onde o doutor Paul Cousteau era director do seu Centro Europeo de Estrelas Dobres, e con el a profesora Ling fixo algunhas das primeiras cam-

pañas de observación de alta resolución, utilizando o telescopio de dous metros de diámetro do observatorio do Pic du Midi.

Pero, á parte do seu traballo científico, a profesora Ling participa tamén en iniciativas que queren facer visibles as contribucións das mulleres na ciencia. O seu esforzo uníuse ó doutras científicas, e sinala que "culminou coa creación do Seminario Mulleres e Universidade, que coordina a profesora Montserrat Nogueira, da facultade de Bioloxía".

E agora, no Ano Internacional da Astronomía 2009, implicábase nun dos seus once proxectos-piar, o denominado *Ela é unha astrónoma*, con accións a nivel local, nacional e internacional, unha das cales, segundo nos conta Josefina Ling, é "un estudo sociolóxico das astrónomas no sistema científico-tecnolóxico español: a nivel cuantitativo preténdese realizar un

estudo estatístico, tomando como poboación os centros onde hai persoal profesional dedicado á astronomía, como universidades, observatorios e centros de investigación, e despois, a nivel cualitativo, váiselles facer unha serie de entrevistas a profesionais da astronomía, mulleres e homes, para que nos dean unha visión da situación".

Respecto disto, agrega que "imos facer o mesmo no campo da astronomía amateur, posto que os astrónomos afeccionados son un piar moi importante de divulgación da astronomía, responsables tamén de traballos de gran calidade, e queremos ver cal é a participación da muller dentro das asociacións de afeccionados; sabemos que dentro do colectivo de amateurs hai apenas un vinte por cento de mulleres, pero a porcentaxe redúcese máis cando falamos de persoas que se involucran activamente, e así, por exemplo, das 100

asociacións que participan no AIA2009, soamente tres están presididas por mulleres". Por outra banda, e xa dirixida ó gran público, prepárase unha exposición itinerante, "especialmente dirixida ós estudantes de todos os niveis, ensino medio, ensino universitario, que son a canteira da que poden saír futuras vocacións de mulleres en astronomía". A intención é amosar o traballo das mulleres na astronomía, ó longo da historia, e por iso un dos seus apartados será o das "mulleres asistentes familiares", é dicir, esposas, fillas ou irmás dun astrónomo, que os axudaron en boa medida, como puideron ser os casos de Caroline Herschel e mais de Sophia Brahe, irmás de William Herschel e Tycho Brahe.

Ademais, preparouse un calendario coa temática das mulleres astrónomas, cunha edición en galego, que será distribuída estes días. Pero, coa intención de chegar ó maior número de persoas posible, preparouse, a través da televisión educativa da UNED, unha serie de documentais para a pequena pantalla: "o primeiro dos programas xa se gravou, no Observatorio Astronómico Nacional de Madrid e pénsase emitir a través de La 2 de Televisión Española, a comezos de marzo, en torno ó Día da Muller Traballadora", sinala Josefina Ling.

A segunda entrega gravarase proximamente no Observatorio da USC, e estará dedicada a mulleres pioneiras, hoxe retiradas, como a primeira astrónoma galega, Antonia Ferrín Moreiras, ou a profesora Asunción Catalá, da Universidade de Barcelona. Outros programas dedicaríanse ás profesionais en activo, enfocados ó traballo que se realiza na actualidade e ás perspectivas de futuro no sector.

Con todo, a promoción das mulleres na astronomía é algo que se vai impulsar en todas as actividades do AIA2009, facilitando a participación das nenas e mais das mozas, que són, ó cabo, a canteira das astrónomas do futuro. ●